



REGULAMENTO

1. O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, en colaboración coa Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, organiza o próximo día **27 de abril** a proba **10 Km Cidade Universitaria 2014** no **Campus Universitario Lagoas - Marcosende**. O control e dirección da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo.

2. A carreira terá saída ás 11.00 h e constará de dúas voltas a un percorrido que transcorre entre os vieiros interiores do Campus, a Cidade Deportiva do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo e a súa estrada de conexión, para completar unha distancia aproximada de 10.000 m.

3. A inscrición é libre para todos os nados en **1996** ou anos anteriores e deberá efectuarse exclusivamente no sitio web: www.deportes.uvigo.es.

Non poderán participar atletas de nacionalidade española con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros/as que realizaran unha marca igual ou mellor que a que se indica no seguinte cadro no transcurso desta temporada ou as dúas anteriores:

	800m	1500m	3000m	5000m	10000m	3000m obstác.	10 km ruta	$\frac{1}{2}$ Maratón	Maratón
Homes	1:48,50	3:42	8:10	13:45	28:50	8:50	29:10	1:03:00	2:12
Mulleres	2:05,00	4:17	9:30	15:55	33:50	10:25	33:50	1:13:30	2:34

As persoas federadas están obrigadas a facer constar ademais de nome, apelidos e data de nacemento, o nome do club e o número de licenza federativa.

No caso das persoas universitarias, estes haberán de sinalar na inscrición o campus e o centro ao que pertencen, e deberán indicar se son alumnado, PDI ou PAS.

4. Esta proba formará parte do **Circuíto de Carreiras Populares de Vigo**. Os/as inscritos/as na carreira **10 Km Cidade Universitaria 2014** quedarán inscritos automaticamente no circuíto.

5. O prazo de inscrición remata ás 14.00 h. do **mércores 23 de abril**. Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

6. A cota de inscrición será de 3 € para as persoas pertencentes á comunidade universitaria e de 5 € para o resto de participantes. A maiores, cada participante, aportará 1€ como contribución a un proxecto solidario de UNICEF.

7. Outorgaranse premios soamente ás tres primeiras persoas clasificadas de cada sexo na clasificación xeral.

8. Categorías:

- **Júnior** : nados nos anos 1995 e 1996.
- **Sénior** : nados entre 1980 e 1994 (ambos incluídos).
- **Veteranos/as 35**: nados entre 1975 e 1979 (ambos incluídos).
- **Veteranos/as 40**: nados entre 1965 e 1974 (ambos incluídos).
- **Veteranos/as 50**: nados entre 1955 e 1964 (ambos incluídos).
- **Veteranos/as 60**: nados en 1954 ou anteriores.
- **Universitarios/as**: persoas da comunidade universitaria da Uvigo: alumnado, PDI ou PAS.

9. Os dorsais das persoas participantes serán entregados pola organización ata **media hora antes** do comezo da carreira, na secretaría situada na **Praza Miralles**, debendo respectar as persoas participantes a publicidade impresa nos ditos dorsais.

10. As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas de acordo coas normas establecidas no Regulamento Internacional da IAAF.

11. A Universidade de Vigo e as súas entidades colaboradoras non se fan responsables dos posibles danos que con motivo da competición poidan sufrir as persoas participantes ou ocasionar a outras, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

12. O non previsto neste Regulamento resolverase de acordo co Regulamento Internacional da IAAF e as normas da RFEA vixentes.

13. A soa inscrición nestes *10 Km Cidade Universitaria* implica a total aceptación do preceptuado no presente Regulamento.